



## A importancia da toma de datos en podoloxía

Os datos inundan os negocios cada día. As granxas leiteiras non son unha excepción e, se non somos capaces de xestionalos, vémonos invadidos por grandes listaxes de datos que son esquecidas en calquera lugar. Nesta entrega analizamos a importancia do seu manexo e así mellorar a saúde podal dos nosos animais.



**Iker Eletzigerra Gutiérrez, Alberto Antolín Pinilla**  
Hergueta SLP Servicios Veterinarios

**A** análise dos datos permítenos obter novas perspectivas que conducen a mellores decisións e estratexias. Unha gran cantidade destes fainos necesario o uso de ferramentas informáticas que nos faciliten o seu manexo e nos axuden a dar resposta a preguntas que sen eles non seriamos capaces de responder.

En gandería recóllense datos de moitos lugares: control leiteiro, control reprodutivo, ADS, robots de muido, libros de tratamentos, podoloxía etc. Todos eles interrelaciónanse e

cómpre buscar a súa unión, que, en maior ou menor medida, sempre existe. Deste xeito, podemos chegar a conclusións, e mesmo máis, se estes se relacionan entre si.

Para todos é máis sinxelo observar todo sen xestionalo a través de datos que sentar diante dun ordenador e

ver con estes unha pequena perspectiva do que realmente sucede nas nosas granxas.

En podoloxía xurdiron numerosos programas para recollida de datos de saúde podal, entre eles I-SAP de Conafe, Seragro, Anka, Uniform-Agri...

**Gráfico 1. Exemplo do programa de base de datos de podoloxía I-SAP (Conafe)**



► É MÁIS SINXELO OBSERVAR TODO SEN XESTIONALO A TRAVÉS DE DATOS QUE SENTAR DIANTE DUN ORDENADOR E VER CON ESTES UNHA PEQUENA PERSPECTIVA DO QUE REALMENTE SUCEDE NAS NOSAS GRANXAS



período se dan as lesións, xa que, se as atopamos a metade de lactación, chegamos demasiado tarde, pois son observadas polo podólogo e non polo gandeiro.

- Podemos coñecer se se trata de lesións de curso agudo ou de curso crónico –1.º (agudas), 2.º e 3.º (cronificación)–, observando as veces que unha vaca entrou ao poldro pola mesma coxeira.
- Que vacas van ao poldro e necesitan máis tratamentos (moitas entradas e unha mesma lesión).

### UN EXEMPLO PRÁCTICO DE TOMA DE DATOS E ESTUDO

Podemos partir dunha explotación cunha incidencia moi alta de dermatite interdixital e, baseándonos nos datos, podemos comentarlle ao gandeiro solucións fronte a este axente infeccioso, como poden ser os baños de pezuños regulados.


Co tempo, e tras realizar os cambios necesarios baseándonos nos datos e asesorando ao gandeiro a través destes, a incidencia de dermatite interdixital diminúe, o que favorece, ademais, os datos de produción leiteira e de control reprodutivo. En definitiva, estes datos serven para buscar solucións entre podólogo, veterinario, nutrólogos e gandeiros.

Os datos permítennos xestionar a saúde podal e tomar decisións sobre recortes, facturación etc. Estes sistemas teñen unha característica relevante: son fáciles e pódense usar todos os datos e integrais; así mesmo, permiten saber se cremos que estamos a facer o que tiñamos pensado facer.

En podoloxía podemos recoller numerosos datos de lesións e do número de veces de entrada ao poldro e con iso sacar características importantes, como as que citamos a seguir:

- Podemos ver se existe estacionalidade nas lesións ou se houbo algún cambio destacable ao longo dun período de tempo (alimentación, manexo...).
- Podemos calcular a porcentaxe de novas lesións sobre as existentes.
- É fundamental tamén coñecer en que

Gráfico 2. Datos de podoloxía antes e despois de reunirmos co gandeiro



### CONCLUSIÓN

- Recollemos datos, pero, para que sirvan e merezan a pena, debemos interrelacionarlos e estudalos.
- Os datos permítennos realizar un programa de manexo protocolizado para recorte e determinar que lesións cambiaron.
- Os datos son útiles para atopar preguntas e respostas para os nosos clientes. ■

Táboa 1. Datos reprodutivos antes e despois de realizar cambios

	2019	2020	2021
Número de parto	2,10	1,72	1,74
DEL (días de leite)	226,07	239,64	197,75
Interv. parto-1.º IN		109,11	92,88
Días abertos		171,69	146,42
Interv. parto-parto		464,23	450,07
IA/Vaca preñada		2,64	2,81
Reposición		46,03	48,53
Taxa de concepción	47,92	27,03	31,68
Taxa de inseminación		37,79	46,33
Intervalo de inseminación	44,47	42,93	36,72
Taxa de preñez	8,64	11,66	12,59

Fonte: Gando